

O NOSOTABOLEIRO

Daniel López Muñoz

XA TEMOS LIBRO PARA AGASALLAR

Victorino Pérez Prieto, que como saben os nosos lectores e lectoras é persoa entrañable e vencellada a Irimia desde o seu comezo, ofrécenos un agasallo de nadal. No seu último libro "Con cordas de tenrura", apéase de calquera pretensión académica e fala desde a propia experiencia de fe e de encontro con Deus. Estamos no terreo do persoal, dunha espiritualidade "ilustrada", non en van estes materiais foron os que serviron de base para o último encontro de verán organizado pola Asociación Irimia en Vilanova de Lourenzá.



Un verso do profeta Oseas, un dos máis tenros de toda a Biblia, pon título ó libro. Tori explica porque: *"Pareceume unha expresión poética preciosa: Deus ata ó pobo con cordas de amor e tenrura, como fai unha nai cos seus fillos."*

O libro repasa esta experiencia do Deus que se ofrece amorosamente, unha comprensión de Deus que foi progresiva na propia Biblia, desde o medo á confianza, desde o castigo é promesa, desde ó temor ó amor. Nese

sentido é unha novidade, porque é sempre novidade esa vivencia: a sociedade, a humanidade, e Igrexa, volve de seguido a comprensións primitivas, castigadoras, idolátricas de Deus.

E curiosamente esa regresión a formas precristiás de Deus, coincide cunha trivialización, unha perda de valores sólidos de humanización que Victorino denuncia. A resposta para Tori está nas Benaventuranzas, na nova perspectiva, na mirada alternativa, na revolucionaria compaixón.

O libro está editado por SEPT e o seu autor estará encantado de establecer un diálogo dos seus lectores e lectoras –que sempre son máis–, a través do correo electrónico. Tomade nota os que andades nestas cousas:

vitope@planalfa.es